

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CORRECCIÓN de erros. Orde do 8 de abril de 2011 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*, n.º 71, do luns 11 de abril de 2011, é necesario efectuar a seguinte modificación:

Na páxina 6.469, na base novena, número 10, fase de oposición nos procedementos selectivos de acceso a corpos de grupo superior, columna dereita, o parágrafo segundo, que di: «No caso de que haxa concordancia entre a titulación académica con que se opta e a especialidade ...».

Debe dicir:

«No caso de que haxa concordancia entre a titulación académica con que se opta e a especialidade a que aspira, o tema será elixido de entre nove extraídos ao chou polo tribunal.

O persoal aspirante disporá de dúas horas e trinta minutos para a súa preparación, e poderá utilizar o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora, e nesta atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia como aos recursos didácticos e pedagóxicos que se van empregar. Nesta exposición, a persoa aspirante poderá utilizar un guión dunha extensión máxima dunha páxina, que deberá ser entregado ao tribunal cando remate aquela».